

# CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO BENXAMÍN MIXTO

Tempada 2018/19. Circular 18-45.

## 1.- Participación

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubes inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube. Como caso excepcional un clube poderá inscribir até 3 equipos.

1.2.- Poderán participar ademais, clubes non inscritos na FEGAN, con limitación do número de equipos en función de las posibilidades de organización. Os clubes de fora de Galicia, ademais dos gastos propios do Campionato, deberán aboar unha taxa anual de participación válida para todos os Campionatos, equivalente ao 50% da cota de Clube.

1.3.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de calquera modalidade da FEGAN.

1.4.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubes presenten unha relación de xogadores ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.5.- A idade dos xogadores será a dos nacidos no ano 2009 e posteriores en categoría masculina e feminina.

## 2.- Inscricións

2.1.- Os clubes deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumplimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubes que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do Campionato.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

## 3.- Calendario

3.1.- Celebrarase un Campionato de inverno segundo o calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicaríase oportunamente a todos os clubes, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

3.2.- Celebrarase un Campionato de verán segundo o calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicaríase oportunamente a todos os clubes, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

## 4.- Sistema de xogo

4.1. En función do número de equipos inscritos (Anexo), a FEGAN decidirá se se disputa en 1 ou 2 días. O clube que solicite a sede terá que cumplir o requisito de poder dispoñer da instalación 2 días por se fose



preciso.

4.2.- A FEGAN será quen decida que sistema de xogo se empregará.

4.3.- O horario dos encontros así como o número de partidos en cada xornada (mañá-tarde) será determinado pola FEGAN.

4.4.- Xogarase conforme á Normativa Xeral de Wáter-polo.

4.5.- O sorteo será puro.

## 5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obligacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

## 6.- Títulos e premios

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión, e medallas aos componentes dos tres primeiros equipos clasificados e recordatorio a os componentes dos restantes equipos participantes.

A Coruña, 22 de xuño de 2018

Secretaría Xeral FEGAN

## Anexo: sistemas de competición

Pode atoparse no apartado circulares da web.